

## **NORMAS PARA O VISIONADO DE PELÍCULAS NOS REPRODUTORES DE DVD E BLU-RAY DA BIBLIOTECA**

Para poder ver unha película en calquera dos televisores da biblioteca é necesario ter carné de biblioteca e solicitar o préstamo dun mando no mostrador do 2º andar.

O mando só pode usarse 1 vez ao día por un tempo máximo de 3 horas.

A sanción por devolver o mando sobrepasadas as 3 horas é de 3 días sen poder levar nada en préstamo nin usar os reprodutores de DVD/Blu-ray.

O préstamo só se fai co carné da biblioteca. O carné é persoal e intransferible polo que non pode usarse o doutra persoa; tampouco se aceptan autorizacións.

Non está permitido utilizar os televisores sen o mando. De facelo, o usuario será sancionado con 3 días sen poder levar nada en préstamo nin usar os reprodutores de DVD/Blu-ray.

A persoa que ten o mando en préstamo é a súa responsable ata a devolución. No caso de que as pilas desaparezan durante o seu uso, o usuario quedará bloqueado ata que as repoña e será sancionado con 7 días sen poder levar nada en préstamo nin usar os reprodutores de DVD/Blu-ray.

A devolución dos mandos debe facerse sempre ao persoal da biblioteca. Non poden deixarse enriba do mostrador nin en calquera outro lugar. O incumprimento desta norma sancionárase cun 1 día sen poder levar nada en préstamo nin usar os reprodutores de DVD/Blu-ray. No caso de non haber persoal da biblioteca no mostrador do 2º andar, a devolución farase obrigatoriamente no mostrador de información no Baixo.

As películas deben deixarse sempre no carro e non nas mesas ou sillóns.

Acatando estas normas todos/as contribuímos ao bo funcionamento da biblioteca.

Grazas.